



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E CRUZ ROJA ESPAÑOLA EN GALICIA PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO E APOIO A PERSOAS SEN TEITO OU EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE EXTREMA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Arturo Parrado Puente, director xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social

DECLARA:

Que esta Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Cruz Roja Española en Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro do mesmo ano.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular o marco de cooperación entre a Consellería de Política Social e Cruz Roja Española en Galicia para o desenvolvemento dun programa de acompañamento e apoio a persoas sen fogar ou en situación de vulnerabilidade extrema, no que teñen cabida distintas formas de intervención destinadas a minimizar os danos asociados á situación persoal deste colectivo, así como a reducir as situacións de exclusión social, coa integración na sociedade e a procura dun xeito de vida normalizada.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan en que dentro das prioridades Estratexia para a Inclusión Social de Galicia 2014-2020, se encontra a de financiar actuacións de acompañamento social a persoas sen fogar.

O programa de acompañamento e apoio a persoas sen teito obxecto deste convenio, consistirá no establecemento de liñas de atención ás situacións sen fogarismo a través da intervención coordinada con enfoque integral levada a cabo polos equipos técnicos municipais da entidade con capacidade de actuación en todo o territorio galego. Tal cometido desenvólvese na rúa, nos albergues, nos recursos da rede de atención específica ás persoas sen fogar, os centros de Cruz Roja Española en Galicia e demais servizos de acollida existentes de accións dirixidas a:





- Informar e derivar aos usuarios cara os servizos pertinentes.
 - Proporcionar asesoramento social e legal.
 - Desenvolvemento das accións de acompañamento especializado para a inclusión social ou sociolaboral, mediación e resolución de conflitos relacionados coa vivenda, intermediación inmobiliaria, prevención da discriminación no mercado da vivenda, de persoas sen fogar, en procesos de inclusión residencial promovidos pola Administración Pública, entidades sociais.
 - Apoio específico e acompañamento técnico para inclusión social ou sociolaboral das persoas sen teito que accederon a prazas residenciais do sistema público por mor dunha situación de emerxencia social.
 - Dar soporte técnico a las administracións locais que traballen con persoas sen fogar cando sexa preciso e non dispoñan de medios propios, nos procesos de acompañamento e mellora de competencias persoais, sociais e laborais. A Entidade encargarse de difundir nas Administracións e entidades sociais de Galicia o tipo de soporte complementario que está en disposición de prestar para o apoio das persoas sen fogar.
- Ademais a Entidade desenvolverá accións de sensibilización pública e apoio á Consellería de Política Social no proceso de formulación do Plan de Atención a Persoas sen Fogar en Galicia a través de accións dirixidas á mellora do coñecemento (estudos estratéxicos o monográficos), á sistematización da información (estudo de indicadores), o asesoramento especializado ou a posta en marcha de metodoloxías participativas requiridas na preparación (incluídas xornadas ou foros), entre outras que se consideren de interese para levalo a cabo.

Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, a entidade Cruz Roja Española en Galicia aparece expresamente reflexada no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Inclusión Social



de Galicia para o ano 2019 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

